



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 17

Sesión plenaria
31 de agosto de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 8026, 12/LGNF-000001).



SUMARIO

Ábrese a sesión á unha e tres minutos da tarde.

O señor presidente abre a sesión e informa das inasistencias. (Páx. 4.)

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor presidente comunica os termos do acordo do Consello da Xunta de Galicia que é o obxecto da orde do día, así como os tempos de exposición e debate. (Páx. 4.)

Exposición do Goberno: Sr. Conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 4.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 9.), Sra. Iglesias Rey (S) (Páx 11.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx 14.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 17.)

Votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025: aprobado por 38 votos a favor, 30 en contra e 1 abstención.

Remata a sesión ás dúas e nove minutos da tarde.



Ábrese a sesión á unha e tres minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron inasistencia dona Silvia Longueira, do Grupo Parlamentario Socialista, e dona Montse Prado, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Debate e votación do límite da gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor PRESIDENTE: O punto único da orde do día é o debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O Consello da Xunta de Galicia o día 29 de xullo de 2024 acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, que se fixa en 13.954 millóns de euros. Todo iso de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que foi remitido a esta Cámara para a súa aprobación, xunto co informe da estratexia financeiro-fiscal referida no artigo 12.1 da precitada lei.

Antes de proceder á votación, o Goberno dispón dunha rolda de quince minutos para a súa presentación e, a seguir, concederese unha rolda para cada un dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos.

Por todo iso, comeza o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Comparezo hoxe ante o Parlamento para presentar o límite de gasto non financeiro para o ano 2025, aprobado o pasado luns polo Consello da Xunta de Galicia, e en cumprimento do artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Galicia foi pioneira en aprobar este instrumento de disciplina orzamentaria nunha lei, e xa son catorce os anos que levamos debatendo o teito de gasto nesta Cámara. Ademais, temos un valor engadido con respecto a outras comunidades autónomas, pois a normativa galega



non só prevé a aprobación do teito de gasto polo Executivo, senón que tamén prevé o seu debate nesta Cámara, no Parlamento.

Señorías, como ben saben, o límite de gasto non financeiro é o instrumento que permite establecer a contía máxima do orzamento do vindeiro exercicio. A novidade deste ano é que a aprobación das novas regras fiscais por parte da Unión Europea implica que a metodoloxía do cálculo do teito de gasto sexa ben diferente, como tentarei explicar deseguido.

Para cifralo, tivemos que realizar un cálculo que parte da estimación de recursos autonómicos, dos recursos autonómicos compatibles coa regra de gasto cos que contará a Xunta de Galicia para o vindeiro ano, e logo de engadirilles os fondos finalistas doutras administracións e os fondos Next Generation. Este ano resulta especialmente importante, porque, como xa avancei, logo de catro anos aplicando a cláusula de salvagarda para apoiar a recuperación das economías fronte aos efectos da pandemia, Europa aprobou un novo marco fiscal; un marco chamado a canalizar as finanzas das administracións europeas ata recuperar niveis sostibles de débeda e marxe de manobra fronte a novos eventos desfavorables que poidan aparecer no futuro.

Polo miúdo, o principal obxectivo deste novo marco é controlar o nivel de débeda a través dun indicador operativo único: o gasto primario neto financiado a nivel nacional. A diferenza doutras ocasións, tamén se incorporan outros obxectivos chamados a facer máis levadeiro este proceso, como garantir un crecemento sostible e inclusivo mediante o saneamento gradual das facendas públicas, pero impulsando tamén a realización de reformas e investimentos que avancen cara á transición ecolóxica, dixital e a cohesión social nun contexto de déficits controlados.

O novo marco tamén tenta promover a implicación nacional, e céntrase en maior medida no medio prazo. Para iso baséase nun plan plurianual presentado por cada estado membro que xira en torno a esa taxa de referencia do gasto e que se combina cun control do cumprimento que semella máis realista, máis efectivo e máis coherente que ata o de agora.

Señorías, feita esta introdución, o primeiro que quero poñer en valor é que o Goberno galego pode aprobar este teito de gasto non financeiro porque temos estabilidade e porque temos a vontade de ser previsibles e de cumprir coa norma, o que nos permite cumprir en tempo e forma cos prazos legais previstos. E iso pese a que ata o propio día de aprobación por parte do Consello da Xunta —o pasado luns—, o Goberno central non nos comunicou as entregas á conta para o vindeiro ano 2025 correspondentes ao sistema de financiamento autonómico.

Pese a isto, como quixemos cumprir cos prazos, usamos as nosas propias estimacións e optamos por aprobar o luns este límite de gasto para que, unha vez autorizado por este Parlamento, teñamos o escenario financeiro para poder elaborar en prazo os orzamentos para o vindeiro ano, (*Aplausos.*) porque a nosa intención e o noso compromiso é aprobar, como é habitual, as contas para o vindeiro ano en tempo e forma; é dicir, entregalas neste Parlamento con data límite 20 de outubro. Esta estabilidade contrasta coa inestabilidade do Goberno central, que este ano renunciou en marzo á súa obriga constitucional de presentar as



contas e que de cara ás vindeiras —as do 2025— acaba de sufrir unha derrota parlamentaria no primeiro trámite para a súa elaboración.

Galicia un ano máis porá esta estabilidade política ao servizo da cidadanía, sendo a primeira comunidade en aprobar o teito de gasto non financeiro. Antes de explicar este límite non financeiro, quero sinalar que as cifras que contén este teito están elaboradas coa máxima prudencia, tendo en conta os elevados riscos derivados do escenario xeopolítico e a inestabilidade política tamén no noso país, con orzamentos prorrogados e cun goberno cuxa minoría parlamentaria o sitúa nunha situación de gran debilidade.

Señorías, a pesar de aprobar o teito de gasto non financeiro para o 2025, como é tradicional neste trámite, actualizamos o cadro macroeconómico para este exercicio, que, como facemos sempre, se orixina a partir do traballo rigoroso do Instituto Galego de Estatística. A noticia positiva é que, ao igual que o fixemos o pasado ano, neste exercicio tamén melloramos tanto a estimación de crecemento do PIB como a taxa de paro deste ano 2024; sen dúbida, señorías, unha proba da prudencia nas estimacións que practica este goberno, que non só anuncia previsións, senón que logo as reflicte cos datos. Así prevemos que a economía galega medrará dúas décimas máis sobre o inicialmente estimado, ao pasar do 1,9 por cento fixado nos orzamentos en vigor ao 2,1 por cento, unha cifra —reitero— prudente. Esta mellora débese a unha mellor evolución do saldo exterior, que achegará medio punto ao crecemento. Despois das subas significativas do ano 2023 nos prezos en xeral e nos prezos dos alimentos en particular, no que vai de 2024 obsérvase unha moderación deste crecemento, e as previsións son pechar o ano cunha inflación media na contorna do 3,4 por cento, que baixará ata unha media do 2,4 por cento para o vindeiro exercicio. Esta evolución dos prezos, o incremento do emprego, dos salarios e a mellora das condicións de financiamento permitirán unha maior capacidade de gasto dos fogares, que aumentarán o consumo privado un 1,1 por cento para o vindeiro exercicio. Por outra banda, prevese un aumento do investimento neste exercicio do 2,7 por cento, en parte polo impulso da execución dos fondos Next Generation.

Respecto da taxa de paro, por vez primeira dende hai quince anos está por baixo do 10 por cento, e a previsión media para o ano 2024 é que baixe do 9,2 por cento; dúas décimas menos que o estimado inicialmente.

A recente EPA —correspondente ao segundo trimestre do ano— reafirma estas estimacións. Para o ano 2025, prevemos un avance do PIB do 1,8 por cento, en liña co manifestado pola Airef ou polo Banco de España, que se basea no crecemento interno, na mellora do investimento, na mellora do consumo privado e no mantemento do bo saldo exterior, encadeando así cinco anos de crecemento sostible.

Así, estímase que no ano 2024 o consumo privado medrará un 1,7 por cento e que o investimento o faga o dobre na contorna do 3,5 por cento. Pola súa banda, Galicia seguirá a crear emprego no ano 2025, e a taxa media de desemprego tamén seguirá a baixar ata o 9,1 por cento, tendo en conta que —como dixeran— estamos nas cifras máis baixas en década e media.

Señorías, con estas previsións a economía de Galicia mantén un crecemento sostido por riba do noso PIB potencial, e mantén e manterá unha mellor evolución pospandemia que a media de



paña. Galicia xa recupera o PIB prepandemia no cuarto trimestre do ano 2021 —se lembran—, tres trimestres antes que a media de España. E, co último ano pechado —o ano 2023—, o PIB de Galicia é 3,9 puntos máis alto en relación ao dato prepandemia, fronte aos 2,5 puntos da media de España; por tanto, gardamos un diferencial positivo de 1,4 puntos desta senda de recuperación, senda que se manterá tamén neste ano 2024 e no 2025. (*Aplausos.*)

Unha vez explicada a actualización do cadro macroeconómico, quixera reiterar que Galicia é a primeira comunidade autónoma que aproba o teito de gasto para o ano 2025, seguindo a regra de gasto achegada polo Consello de Política Fiscal e Financeira do 15 de xullo, que, segundo o Ministerio de Facenda, é compatible coa senda de gasto que ten que presentar perante a Comisión Europea o vindeiro mes de setembro.

Así, a taxa de referencia que fixa o límite —é dicir, a variación do gasto computable das administracións públicas— sitúase no 3,2, no 3,3 e no 3,4 por cento para os anos 2025, 2026 e 2027 respectivamente, segundo o Informe da situación da economía española para o 2024, elaborado polo Ministerio de Economía e presentado nese Consello de Política Fiscal.

É esta regra, e non o déficit, a referencia válida para fixar o teito de gasto, ao abeiro do que sinala o artigo 30 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, tal e como ben indicando a Airef.

Polo tanto, ao abeiro do artigo 12.1 da devandita lei, a variación do gasto computable para a Comunidade galega non poderá superar para o ano 2025 esa taxa de referencia do 3,2 por cento. Desta forma, para calcular o límite de gasto non financeiro do vindeiro ano tivemos en conta a fixación, en primeiro lugar, do teito de gasto definitivo deste ano 2024; en segundo lugar, a determinación dos recursos autonómicos computables compatibles para o ano 2025 co cumprimento desa taxa do 3,2 por cento; e, en terceiro lugar, aplicamos os recursos finalistas doutras administracións e os fondos europeos sobre a contía anterior.

Así pois, precisamos partir dos recursos autonómicos definitivos para o ano 2024. Lembremos que era unha estimación prudente nun escenario de alta incerteza, porque non tiñamos nin a comunicación das entregas á conta do sistema de financiamento nin a liquidación do ano «n-2», nin uns obxectivos de déficit validados polas Cortes; de feito, non están no día de hoxe validados polas Cortes aínda os obxectivos de déficit para este ano.

A comunicación provisional realizada polo Goberno a finais de decembro ratificou esta prudencia cun anuncio de novos recursos do sistema de financiamento autonómico, que finalmente aínda non chegaron no día de hoxe. Agora, ao abeiro do artigo 7 do Real decreto lei 4/2024, indícase que esta actualización das entregas á conta de 2024 se cifra en 10.559 millóns de euros, dos que nada sabemos ata o día de hoxe; 38 millóns de euros menos dos comunicados no pasado mes de decembro.

Por tanto, señorías, esta contía, xunto co resto dos recursos propios autonómicos, son a referencia inicial —11.409 millóns de euros— para obter os recursos compatibles coa taxa do 3,2 por cento para o 2025.



Imos agora analizar os distintos compoñentes e os recursos autonómicos previstos para o vindeiro exercicio e tamén como estimamos que evolucionará cada un. Como é habitual, a maior partida corresponde aos procedentes do sistema de financiamento autonómico, que para o ano 2025 superarán os 78,2 por cento dos recursos totais, por riba do peso deste ano, do 76,6 por cento.

No seu conxunto, os ingresos procedentes do sistema de financiamento medran un 2,9 por cento con respecto aos do ano anterior; pois, se ben as entregas á conta medran un 9,5 por cento, a previsión de liquidación de exercicios anteriores, que é a correspondente aos ingresos tributarios do ano 2023, diminúe nun 46,4 por cento.

Non podo, neste punto do sistema de financiamento autonómico, deixar de referirme á infame proposta de pacto realizada onte, dispoñendo dos recursos de todas as comunidades autónomas.

O preacordo para investir a Salvador Illa como presidente da Generalitat afecta todas as comunidades autónomas, porque altera o sistema de financiamento e as relacións financeiras das comunidades autónomas entre si e co Estado central. O pacto anunciado atenta contra os principios constitucionais de igualdade, solidariedade ou capacidade tributaria e contra todos os que rexen a LOFCA — todos e cada un dos principios da LOFCA son quebrantados —, e rebaixa as transferencias de nivelación — que son a ferramenta para cumprir eses principios constitucionais — a un acordo bilateral entre unha comunidade autónoma e o Estado central. Introduce o principio da ordinalidade, segundo o cal Cataluña non pode ter menos financiamento que outra comunidade con menor capacidade tributaria, aínda que esta comunidade teña maiores necesidades de gasto. Muda o sistema tributario, o que distorsiona a atribución dos seus rendementos entre comunidades autónomas. É dicir, nunca un goberno tan irresponsable fixera tanto dano á estabilidade financeira e fiscal das comunidades autónomas, e todo por intereses partidistas. (*Aplausos.*)

Dicía que os recursos do sistema de financiamento medran na súa totalidade nun 2,9 por cento. En canto ao resto dos recursos propios da Comunidade Autónoma que figuran no teito de gasto, conformados polos tributos cedidos xestionados pola Xunta, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais, o seu importe aumenta nun 9,3 por cento con respecto aos orzamentos do ano 2024. No que atinxe aos tributos totalmente cedidos, hai que salientar o incremento no imposto de sucesións e doazóns dun 2 por cento, xa coa rebaixa da redución de 25.000 euros no grupo 3 anunciada, ou o incremento do 8,6 por cento do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Así, o importe total dos recursos autonómicos ascende a 11.797 millóns de euros, cun incremento respecto dos definitivos deste ano do 3,4 por cento. A estes recursos — que denominamos autonómicos — teremos que aplicarles un conxunto de axustes de gasto computable, principalmente os xuros, para obter os recursos autonómicos primarios netos, que ascenden a 11.419 millóns de euros — 359 millóns de euros máis que este ano —, e esta é a magnitude empregada para verificar o cumprimento da taxa de referencia.

Polo tanto, para o ano 2025, o teito de gasto que presenta o Goberno galego esgota ao máximo a nosa capacidade de gasto, xa que a devandita taxa de referencia é do 2 por cento, que



xusto coincide coa variación dos recursos autonómicos primarios netos. Ningún goberno responsable —e este goberno éo— deberían incrementar o gasto por enriba desta contía.

Este goberno ten acreditado o seu rigor mantendo a solvencia da Comunidade mesmo nos peores momentos da crise financeira, sendo Galicia a única comunidade que non tivo que precisar ningún rescate financeiro e sempre tendo acceso ao financiamento dos mercados, brindando a nosa autonomía financeira. Por iso, o Goberno galego aposta por esgotar a nosa capacidade de gasto cumprindo as regras e asegurando a solvencia da facenda autonómica, e con isto a solvencia dos cidadáns e das empresas de Galicia. Aínda así, o vindeiro ano, por quinto ano consecutivo, Galicia terá o teito de gasto non financeiro máis elevado da historia, pois, se aos os recursos autonómicos engadimos os fondos finalistas doutras administracións e os fondos Next Generation —como dicía—, esta acadará os 13.954 millóns de euros. E, de novo, ao igual que no orzamento presente, sen endebedamento neto por segundo ano consecutivo.

Señorías, con este escenario, para o ano 2025 temos un límite de gasto non financeiro no que os recursos autonómicos primarios medran un 3,2 por cento, a taxa de referencia ata os 11.419 millóns de euros. Se engadimos os fondos finalistas do Estado e os fondos europeos estruturais e sectoriais, vemos que o límite de gasto ordinario aumenta un 3 por cento, ata os 13.492 millóns de euros; e o límite de gasto total calcúlase sumando os fondos Next Generation, incrementándose nun 2,5 por cento, ata os 13.954 millóns de euros. Estamos, pois, en comparación co orzamento en vigor, nun escenario de crecemento estable do gasto, cumprindo coas novas regras europeas, e no que cada vez teñen un peso maior os recursos ordinarios.

En definitiva —e xa remato—, a Xunta de Galicia presenta ao Parlamento hoxe un teito de gasto non financeiro afeito ao cumprimento das nove novas regras fiscais europeas e ao incremento máximo da nosa capacidade de gasto, que reafirma o noso compromiso coa sostibilidade das finanzas públicas, pero tamén o impulso do crecemento do emprego; impulso do crecemento do emprego para seguir a reforzar os servizos públicos, para saír a axudar ás familias e ás empresas que máis o precisan, para seguir impulsando os investimentos que apoiem o crecemento económico, cun especial pulo ás políticas de vivenda e de innovación, e ademais, sen prever endebedamento neto por segundo ano consecutivo.

Por todo isto, señorías, pídolles a todos os grupos parlamentarios que apoiem este teito de gasto non financeiro para o ano 2025.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Unha suxerencia: haberá que meter no Regulamento a duración máxima dos aplausos, porque ás veces duran un tempo indefinido, e, claro, iso pode alterar a duración do pleno dun xeito imprevisible. *(Murmurios.)*



O señor conselleiro fíxonos unha exposición esencialmente similar á que figuraba na documentación que se nos fixo chegar aos grupos a través da Xunta de Portavoces, con esas estimacións feitas fundamentalmente polo Instituto Galego de Estatística e con valoracións similares en relación coa cifra que se propón como teito de gasto, 13.954 millóns de euros, que xa foi aprobado polo Consello da Xunta; unha subida do 2,5 por cento, que xa sabemos que o resto da oposición estima insuficiente, segundo xa fixeron saber. Son fondos que proveñen, como explicou o conselleiro, dos recursos propios, das aportacións doutras administracións —tamén, probablemente, insuficientes, pouco determinadas— e incluso dos fondos Next, que a ver como se xestionan, etc.

O propio conselleiro, tanto no informe como na súa intervención, reconece o contorno de incerteza en que nos movemos, sempre con base en estimacións, en análises de parámetros máis ou menos representativos da realidade económica. Sabemos que eses parámetros, eses indicadores, son froito duns cálculos meramente estatísticos, e, no mellor dos casos, todo o que se pode inferir a partir deles para o futuro debe interpretarse en termos de probabilidade, con todo ese ámbito de incerteza no que sempre se move a economía, sobre todo no contexto global no que nos movemos, coas dificultades para previr o futuro —que tamén figuran no informe— baseadas na situación internacional, que inflúen no contexto europeo no que estamos inmersos a través da Comunidade Europea e que inflúen na Comunidade española, que á súa vez inflúe no estado económico da Autonomía, etc. Ou sexa, que todo isto hai que tomalo, como se suele dicir, un pouco con pinzas, porque non estamos nunha ciencia exacta. Non sei quen dicía que a economía era unha ciencia curiosísima, porque un ano lle daban o Premio Nobel a un que dicía unha cousa e ao ano seguinte dábanllo ao que dicía o contrario. Ou sexa, quero dicir que nos movemos neses contextos.

Non hai que olvidar que os fondos propios, os fondos en xeral das administracións, proveñen dos cartos dos contribuíntes. Efectivamente, os contribuíntes teñen que traballo para poder pagar os seus impostos e as empresas teñen que funcionar —unha cousa que parece ser que está, digamos, remontando—. Do informe global que se nos pasou parece translucirse unha especie de optimismo moderado acerca do funcionamento da economía, aínda que hoxe lin un artigo nun periódico que dicía que a macroeconomía parece ser que vai ben, pero que a micro xa é máis dubidoso, que é a que lles importa ás familias.

Tamén escoitamos as críticas que fixo o conselleiro ao Goberno central, que tamén está condicionado —hai que dicilo— polas decisións que se adoptan en Bruxelas, e esa falta de adaptación da Lei Montoro ás novas imposicións europeas; polo menos, esa falta de adaptación momentánea. Ben, todo iso fíxosenos chegar, máis ou menos, incluídos os escenarios económicos e unha serie de cálculo diferencial que aparecía nuns anexos, cun cheo de sumatorias habituais na econometría, no cálculo e na estatística. Pois máis ou menos, con esas estimacións e con eses cálculos, chegaron —non sei se mediante un proceso siloxístico rigoroso ou mediante un salto no vacío— a 13.954 millóns de euros. Tamén din que hai que ser realista; é outra das cousas que tamén figuraba no informe. A economía xa sabemos que é a administración dos recursos, polo menos finitos; o de escasos dise sempre porque as necesidades son infinitas, ou virtualmente infinitas.



Ben, quero dicir con isto que non nos imos opoñer a considerar esta cifra como un teito de gasto, digamos, coherente, pero tampouco imos votar a favor; esencialmente, ímonos abster. Porque, ademais, eu son un pouco como aquel escravo que levaban os césaes cando volvían dos seus triunfos, que lles ía dicindo ao oído: «acórdate de que es un mortal»... Pois a miña función é que é similar, pero é: acórdate da provincia de Ourense. Eu vou estar sempre aquí dicíndolle ao oído ao Goberno que non nos olvidemos da provincia de Ourense, como lles dicían aqueles escravos ao César.

Quero dicir con isto que me parece moi ben —ou polo menos non me parece mal— esta cifra, aparentemente, tendo en conta a conxuntura económica. Ao mellor, non é unha subida moi grande a do 2,5 por cento, pero ás veces tamén hai que pensar na eficiencia do gasto público. Creo que tamén figura no informe algunha reflexión ao respecto. Ás veces non é tanto o montante bruto dos cartos que se gasten —que, volvo recordar, están sacados dos petos dos cidadáns, que moitas veces os pagan con moito esforzo—, senón o grao de eficiencia con que se gasten e con que se apliquen. Se estes cartos se gastan con eficacia, e, digamos, son verdadeiramente rendibles, pois, bueno, ben dito. Pero o que máis me interesa é cantos destes cartos van ir para á provincia de Ourense. Iso é, digamos, o que no futuro me vai manter un pouco atento: o que a provincia de Ourense levará destes presupostos que saian a partir deste teito de gasto. Non hai que olvidar que este é un teito, unha cota superior en cifras e que determinará uns presupostos, uns orzamentos, e eses orzamentos serán os que valoraremos desde a óptica de se a provincia de Ourense recibe o que, en principio, estimamos necesario e oportuno, sobre todo para reverter a situación que estimamos de discriminación histórica.

Loxicamente, se en termos absolutos o teito de gasto aumenta, os investimentos en Ourense, polo menos en termos absolutos, tamén terán que aumentar, pero estimamos tamén necesario que aumente en termos relativos; ou sexa, que a proporción de cartos que van para a provincia de Ourense neste exercicio sexa significativamente maior que a que se debateu nos últimos anos. E aproveito a presenza do presidente da Xunta para recordarllo.

E nada máis. Sinxelamente quero dicir que non nos imos opoñer e que tampouco imos votar a favor; imos darlle unha marxe de confianza a ese tipo de análises, a este tipo de valoracións que se fan sempre nos termos enrarecidos desas atmosferas da economía e, sinxelamente, estaremos atentos a que a execución dos orzamentos que saian a partir deste teito de gasto —que dou por suposto que se vai aprobar, por razóns obvias— non deixe en mal lugar a provincia de Ourense.

E nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Bos días a todos e a todas.

O primeiro, as nosas condolencias, do Partido Socialista, polo falecemento do compañeiro Gerardo Pérez, concelleiro do PP do Concello de Pontevedra.



Señor Corgos, polas explicacións que deu, xa non me quedan dúbidas de que a política financeira e económica do Goberno galego é unha política de ir tirando, como dicía de cor gris, de falta de ambición de país. Goberno conformista que, ao tempo, vai virando esa política fiscal cada vez máis e máis cara á dereita; cara a esa dereita neoliberal que estrangula e privatiza os nosos servizos públicos, o Estado de benestar.

Señorías, si que é cuestión de ideoloxía e de facer política. Señor conselleiro, só temos que mirar como está ao noso redor a sanidade, as listas de espera para ir ao médico de cabeceira ou para ir ao especialista; como están os nosos maiores, a agarda doente e silenciosa que teñen que soportar as familias no recoñecemento do grao de dependencia, a cargo, iso si, do bono Coidado e sempre da renuncia da muller coidadora. Claro, se es dos privilexiados que poden ir a unha residencia privada, cuxo custo económico —sábeno ben, señor conselleiro e señora conselleira— non poden asumir as familias galegas. Pero, bueno, os bonos cren que todo o solucionan, para calar bocas e conciencias.

Iso si, señor conselleiro, todo o malo que pasa en Galicia é culpa de Pedro Sánchez e do Goberno de España. Pero resulta que España vai ben, vai moi ben, batemos récords de emprego —máis de vinte e un millóns de persoas traballando— e lideramos o crecemento da Eurozona. Onte mesmo saberá que se publicaron os datos do INE e avanza que o dato de avance do PIB amosa un elevado crecemento no segundo trimestre do 0,8 por cento que eleva o PIB interanual ata case un tres por cento., Ao tempo, a inflación baixa en seis décimas, ata o 2,8 por cento.

E, señor conselleiro, ¿que pasa en Galicia? Pois resulta que Galicia non vai tan ben, señor conselleiro. Non vai precisamente a fume de carozo en termos macroeconómicos. Digamos que vai a ralenti, como se sostén nos informes da IREB, do Banco de España, nas conclusións do informe Ardán, recentemente publicados sobre a economía galega, e tamén na propia previsión de crecemento que se fai no informe de sustentabilidade que achegou o Goberno galego, que estima que a economía crecerá un 1,8 por cento. Comparemos España, case un tres por cento, fronte a Galicia, 1,8 por cento. Case un punto menos de crecemento na nosa terra.

Saberá que o 26 de xullo de 2024 tamén se publicou a enquisa de poboación activa, a EPA, e resulta que, se analizamos polo miúdo tamén esa enquisa, pois os datos da valoración tampouco poden ser positivos para Galicia, señor Corgos. A evolución do mercado laboral en Galicia é moi inferior á do conxunto de España, tanto en termos de ocupación como en termos de desemprego. A EPA mostra que no último ano o número de ocupados en España crece un dous por cento, mentres que en Galicia apenas se fixo un 0,3 por cento. Iso significa practicamente un ritmo oito veces inferior que o conxunto de España.

En termos de desemprego, ¿como estamos? O contraste é aínda máis marcado, señor Corgos. Mentres no conxunto de España o desemprego diminuíu case un dous por cento, en Galicia aumentou un 2,2 por cento. Estamos a falar de 2.600 persoas máis en paro no segundo trimestre de 2024, en termos comparativos coa anualidade de 2023. Iso si, ano tras ano seguen sen executar eses orzamentos para políticas activas de emprego que chegaron dende o Goberno de 2.100 millóns de euros.



Eses resultados comprenderá, señor Corgos, que son inaceptables para os socialistas galegos. Débense a unha política económica —cremos nós— baseada nesa inercia do Goberno, do pulo do Goberno central, e carente de iniciativas propias galegas para promover unha actividade económica e gañar competitividade para as nosas empresas. Cando o maior exercicio de política económica que fai o Goberno se limita a colocar carteis publicitarios nas autovías galegas por desburocratizar, pois *deses polvos, estes resultados*. E os socialistas galegos que-remos unha economía con marca netamente galega.

Pero ben, señor Corgos, estamos aquí para falar do teito de gasto neste pleno extraordinario. Nós, os socialistas galegos —xa o anunciou en rolda de prensa a miña compañeira— este límite consideramos que é raquíutico.

Entendemos, ademais, que ese teito de gasto, señor Corgos... Como se ve, o PP de Madrid ao votar en contra ata tres veces nas Cortes Xerais —tres veces, como Xudas negou a Xesucristo, en termos bíblicos— volveron de novo xerar un prexuízo para todas as comunidades autónomas e tamén para todos os concellos galegos. (*Aplausos.*) En concreto, para Galicia supón un axuste de 422,4 millóns de 2024 a 2026. Por favor.... Señor Corgos, trátase dun axuste que pagarán todos os galegos e as galegas e o noso Estado de benestar. A decisión do señor Feijóo —en conivencia con Rueda— sáenos moi cara aos galegos; é unha absoluta irresponsabilidade. Irresponsabilidade que forma parte dunha oposición destrutiva, dunha oposición que non ten propostas económicas nin doutra índole e que só responde a fins partidistas. Política de fango que os socialistas galegos coñecemos ben, porque a sufriron compañeiros en carne propia.

O mesmo PP que votou en contra da subida das pensións, da rebaixa do IVE dos alimentos, da subida do salario mínimo interprofesional; que votou en contra da gratuidade do bono de transporte, do aumento das becas para o estudantado. Cunha das poboacións máis envellecidas que temos aquí en Galicia, votou en contra no último pleno do Congreso de que, para 6.000 nenos e nenas que foxen da fame e da miseria, se puidese modificar a Lei de estranxeiría. E iso que Galicia necesita combinar a atracción de traballadores migrantes para aumentar a taxa de ocupación activa, que non estamos ben. Esa é a verdadeira cara do PP de Madrid e tamén do PP de Galicia.

Pero falemos tamén, que é importante, do ilusionismo fiscal que practica o Goberno galego. Se falamos de teito de gasto, evidentemente de forma obrigada temos que referirnos á outra cara da moeda, esa capacidade de ingresos públicos que ten o Goberno galego. Confírmase no informe de sustentabilidade remitido pola Xunta —e tamén o Ministerio confirmou este martes— que as entregas á conta do sistema de financiamento crecerán en Galicia en 894 millóns, ata un total de 10.268 millóns de euros, o que significa, señor Corgos, un incremento dun 9,5 por cento, a maior cantidade da historia. É unha boa mostra do pulo económico do Goberno de España. Se miramos, como dicía, a visión dos ingresos públicos, é aquí onde o PP galego —entendemos os socialistas— evidentemente ten uns lentes moi desenfocados, señor conselleiro. Creemos que exercen unha irresponsabilidade imitando ese *dumping* fiscal da presidenta da Comunidade de Madrid. Por dicilo con outras verbas: o Goberno galego baixa impostos ás rendas e aos patrimonios máis altos, mentres que disimula cunha baixada cosmética de imposto nas rendas da xente do común. E, segundo se recoñece no propio in-



forme remitido, evidentemente verán reducidos un 46,4 por cento de ingresos correspondentes á liquidación pola recadación de 2022, que serán pagados no 2025.

E, señor Corgos, ¿iso que afecta? A calidade dos servizos públicos e o noso estado de benestar. Por iso, evidentemente, os galegos e galegas teñen que ver como se pechan centros de saúde este verán. Oitocentas camas nos hospitais, cerca dun doce por cento, a cifra máis alta dos derradeiros anos, señor Corgos. Vostede sabe, señor conselleiro, que no 2023 esa política de ilusionismo fiscal ten un impacto de cerca de trescentos millóns de euros. Entre 2009 e 2021 estimou o Consello de Contas —xa sei que non lle gusta o cálculo feito polo Consello de Contas— que o impacto dese ilusionismo fiscal se cifra en 2.400 millóns de euros menos en tributos cedidos. Volvo repetir, que se di pronto: ¡dous mil catrocentos millóns de euros! Poderíanse construír catro hospitais Álvaro Cunqueiro; ou seis ou sete, porque esa forma de colaboración público-privada do Álvaro Cunqueiro terá endebedados os galegos e galegas ata o ano 2035, como ben sabe. E, ¿que fai mentres o Goberno galego? Pois nada de nada: inacción, cor gris e falta de ambición de país, señor conselleiro.

Tamén os socialistas cremos que é urxente falar da asfixia consciente e acusada que fai o Goberno galego dos concellos. É importante apostar dunha vez por todas por unha auténtica participación de ingresos da Comunidade autónoma dos concellos, un sistema Pica. Na actualidade, os concellos reciben trinta puntos máis de financiamento do Goberno de España que do Goberno da Xunta de Galicia. Preto dun vinte por cento deses gastos son competencias impropias que tería que exercer o Goberno galego e non as financia suficientemente. O Goberno galego asfixia os concellos galegos, como sostén tamén a Fegamp. Asume parte dos custos do sistema do Servizo de Atención no Fogar, gastos de mantemento dos colexios, dos centros de saúde, soporta a parte da gratuidade das escolas infantís, a subida do canon de Sogama... Temos un fondo de cooperación local en Galicia conxelado desde o 2011. É hora, señor Corgos, de afrontar ese reto de financiamento xusto, equitativo e eficiente da Administración local en Galicia.

En definitiva, e para rematar xa, señor Corgos, a economía en Galicia crece menos que en España, a inflación está polas nubes —se a comparamos co Estado e resto de comunidades autónomas—, o PIB industrial segue estancado e o emprego crece menos que no conxunto de España, señor Corgos. Galicia vive do impulso do conxunto do Estado, o que evidencia que non existe pulo político propio. Señor conselleiro, terá a bancada socialista para defender sempre a singularidade de Galicia, pero o que lle pedimos, señor Corgos, é humildade e autocrítica para mellorar.

Nada máis pola miña parte. Feliz verán a todos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día a todos e a todas.

Señorías, señor conselleiro.



Sen dúbida, os orzamentos son unha das ferramentas máis potentes que ten o Goberno galego para poder intervir tanto no futuro da economía como tamén na vida das persoas. A pregunta que nos facemos é se este teito de gasto será suficiente para afrontar os grandes desafíos que temos como país e os problemas reais da xente real. ¿Con este teito de gasto van frear a destrución de emprego industrial? ¿Van garantirles rendas dignas aos nosos produtores? ¿Vai este teito de gasto frear a fuga de talento do noso país? ¿Vai revertir os recortes en atención primaria e acabar coas listas de espera? ¿Vai mellorar a atención á dependencia? ¿Vai servir para loitar contra o cambio climático? ¿Vai frear o despoboamento? ¿Van apostar por máis medios e recursos para a igualdade real das mulleres? Xa lles digo que, lamentablemente, non, porque este teito de gasto é o día da marmota, da propaganda e das receitas fracasadas de sempre do Partido Popular.

E, fíxense, é tal día da marmota que case non se molestan nin en cambiar as notas de prensa. *(A señora Pontón Mondelo amosa un documento.)* Estas son as notas de prensa oficiais da Xunta de Galiza: «No teito de gasto para 2023, este é o teito máis alto da nosa historia». *(A señora Pontón Mondelo amosa un documento.)* O ano seguinte cambian só a cifra do titular, pero temos o mesmo: «A Xunta aproba o teito de gasto máis alto da historia da Comunidade». *(A señora Pontón Mondelo amosa un documento.)* E nesta última poñen unha foto de Rueda —xa non do señor Corgos—, que é o que máis cambia, e o que nos volven dar é o mesmo titular: «A aprobación do teito de gasto máis alto da historia da Comunidade». *(Aplausos.)* Propaganda, propaganda e propaganda para tapar a realidade. A realidade dun teito de gasto que é insuficiente, e que é un teito de gasto raquíutico se temos en conta cales son as necesidades que ten a sociedade galega.

O certo é que nin é histórico nin é o máis alto. Miren, os recursos hai que analizalos en euros constantes. Claro, se nós vemos e actualizamos ese teito de gasto o que vemos é que en pleno ano 2025, teremos menos recursos dos que tiñamos no ano 2009. Concretamente, necesitaríanse 350 millóns de euros máis para ter hoxe o mesmo volume de recursos que tiñamos hai dezaseis anos. Pero si que teño que darlles a razón. Hai algo no que vostedes conseguiron algo histórico, e é precisamente no incremento da débeda, porque nos deixan 12.397 millóns de euros de débeda mentres recortaban en sanidade, en educación e en dependencia. Iso é histórico, si, señorías. *(Aplausos.)*

E logo o conselleiro volveunos repetir os mesmos mantras e a mesma propaganda de todas e cada unha destas sesións de debate de teito de gasto. Falan de que non se endebedan. Señor conselleiro, ¿por que non se endebedan? Porque é que non llelo permiten as restricións que está impondo Europa.

E logo é curioso que nos pretenden presentar como algo excepcional que un goberno que ten maioría absoluta presente os orzamentos nesta Cámara. É que ademais isto xa non é que o fagan os gobernos con maioría absoluta, tamén o fan os gobernos que non teñen maioría absoluta. No ano pasado todas as comunidades presentaron e aprobaron os seus orzamentos, excepto tres. E, fíxense que casualidade, dúas das que non o fixeron eran do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Volven tamén coa propaganda de que estes orzamentos van ser uns orzamentos que blinden os servizos públicos, cando a realidade é que vostedes o que fixeron durante estes anos foi



recortar nos servizos públicos e nos dereitos da cidadanía. A realidade é que hoxe Galiza é a segunda que menos inviste en atención primaria; só inviste menos a Comunidade de Madrid. A realidade que temos é que hai miles de persoas dependentes esperando por unha atención que non lle dan, porque o certo é que Galiza é a terceira en investimento en dependencia.

Este teito de gasto e este debate podían servir para que tivéssemos unha nova forma e un novo xesto por parte do Goberno. Vostedes podían deixar atrás a propaganda e empezar a dar respostas reais aos problemas reais que ten o noso país. Mais o que vemos é de novo unha oportunidade perdida para cambiar o que non funciona.

Vostedes, é certo, teñen maioría absoluta. Non teñen por que dialogar coa oposición. Vostedes teñen un rodillo parlamentario que lles permite aprobar aquí calquera cousa que a vostedes lles pareza. E é certo, teñen maioría para facelo, pero esta non é unha boa opción cando o que se quere é acertar, e asegúrolles que nós queremos que, polo ben de Galiza, o Goberno acerte. Lamentablemente, esta non é a opción pola que aposta o Partido Popular, porque o que vemos é que a súa vontade de diálogo é cada vez menor. Vémolo con este teito de gasto rutineiro, en que non aproveitan para dialogar coa oposición para cambiar aquelas cousas que non están funcionando ben no noso país. E vémolo tamén estes días, onde non só aprobaron o teito de gasto, senón que tamén presentan un anteproxecto de lei de reforma da CRTVG para relegar a lingua galega e para que sexa menos TVG e máis tele-PP aínda. (Aplausos.) Desde logo, se lle dedicasen un pouquiño de menos tempo á manipulación e á propaganda e un pouquiño máis a gobernar mellor lle iría á xente deste país.

Este debate é moi ilustrativo sobre como vostedes están instalados nesa telerrealidade paralela do Partido Popular e o que veñen aquí facer é propaganda e propaganda. Este teito de gasto non é excepcional nin vai permitir que a sociedade galega poida afrontar todos os retos e desafíos que ten. De feito, na práctica imos ter menos recursos. ¿Por que dicimos isto? Porque o límite son 13.954 millóns de euros; son 344 millóns de euros máis do que en 2024. É unha suba do 2,5 por cento. Pero ¿cal foi a inflación que ten o noso país? No último mes foi do 3,7 por cento. É unha suba tan cativa que nin tan sequera compensa a inflación. E quero lembrarlle, conselleiro, que somos a comunidade coa inflación máis alta de todo o Estado e que esta subida raquíutica vaina comer a inflación. Porque vostede sabe perfectamente que significa que os orzamentos non suban máis que a inflación: imos ter máis recursos, pero imos facer menos, porque con máis inflación o custo do diñeiro devalúase. Hoxe ter un centro de saúde aberto ou unha cama hospitalaria funcionando custa máis que hai un ano, custa máis que hai dous, custa máis que hai tres e custa máis que hai dezaseis. Esta suba é irrisoria e non chega para compensar o que subiu o custo da vida.

Entón díganos, conselleiro, ¿como van afrontar isto? ¿Como fixeron este ano e o anterior e o anterior? ¿Pechando centros e pechando camas hospitalarias, reducindo consultas sanitarias...? ¿Imos volver outra vez á senda equivocada dos recortes? Xa lles digo que para iso non conten co BNG. (Aplausos.)

Porque este teito de gasto e toda a súa [inaudible] económica non van servir para solucionar os problemas dos galegos e das galegas nun momento no que vemos que segue habendo inestabilidade xeopolítica, inflación e importantes problemas que non poden camuflar de-



baixo dese informe autocompracente. Problemas como os que sinala o Foro Económico no último informe de conxuntura, que apunta a que temos nubes grises na economía do noso país, como a evolución económica, como o feito de que estamos medrando menos que o Estado, como unha preocupante evolución do índice de produción industrial, a contracción no investimento ou a crise no noso sector primario e no noso sector industrial.

E todo isto, ademais, demóstranos que neste debate de teito de gasto quedan dúas cousas moi claras: a primeira é que o centralismo é moi mal negocio para Galiza e a segunda é que o Partido Popular non é capaz de defender os intereses do noso país. Vostede vén aquí queixarse de que outras comunidades autónomas están reclamando para si máis capacidade de decisión. ¿Que fai o Goberno galego? ¿Se puidesen devolvían as competencias! Vostedes non queren autonomía fiscal. *(Aplausos.)*

Temos un sistema de financiamento que é que xa non nos garante a igualdade, señor Rueda. ¿Onde estaba vostede defendendo a igualdade cando o seu xefe de filas, o señor Núñez Feijóo, asinaba un sistema de financiamento que nos fai perder mil millóns de euros cada ano? ¿Como poden estar repetindo o argumentario de Génova, absolutamente ineficaz para este país, en vez de estar reclamando que Galiza non pode ser menos que Euskadi, que Cataluña e que temos dereito a ter a chave dos nosos cartos? *(Aplausos.)* Si, si, porque este é un problema e un debate moi importante para o futuro do noso país.

Vostedes, en vez de defender Galiza, como están absolutamente ao servizo da rúa Génova e do señor Feijóo, veñen aquí repetir, ademais, a retahíla de que Galiza vive da solidariedade madrileña. E isto é falso. Vivimos do traballo da xente deste país e dos impostos que pagan. *(Aplausos.)* E, fíxense, tanto é así que só con que reclamásemos a cesión do noventa por cento do IVE, do noventa por cento do IRPF ou do imposto de sociedades, estaríamos incrementando dunha maneira exponencial os recursos que temos para o noso país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Pero vostedes, en vez de defender Galiza, prefiren defender o centralismo e os intereses do seu partido. Non sigan facendo que Galiza perda. Deixen e quítense as gafas do centralismo e empecen a suar a camiseta dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Presidente, se me permite un instante, antes de comezar a miña intervención quería mandar un saúdo agarimoso para as familias de dous dos bos e xenerosos que perdemos nesta madrugada. Unha para a familia de Gerardo Pérez Puga, concelleiro Popular no Concello de Pontevedra, bo amigo de moitos dos que estamos aquí, gran compañeiro e marabilloso ser humano. E tamén para a familia de Francisco Puy, catedrático de Filosofía de Dereito na Universidade de Santiago, membro da Comisión dos Dezaseis,



home de bonhomía probada e pai de quen durante tantos anos foi o portavoz do Grupo Parlamentario Popular. Aos dous, ás súas familias, un enorme abrazo. Descansen en paz, sempre os conservaremos no noso recordo. *(Aplausos.)*

Despois deste xusto recoñecemento, que sei que comparte toda a Cámara, vou empezar xa a meterme en materia, se mo permiten. Iso si, facendo antes á señora Iglesias unha aclaración de carácter bíblico: non foi Xudas quen negou tres veces; foi Pedro. Pero, vendo o que pasa en España e no seu partido ultimamente, entendemos perfectamente a confusión. *(Aplausos.)*

Señorías, vou intentar explicarlle cales son os tres principios fundamentais polos que o Grupo Parlamentario Popular vai apoiar esta proposta do teito de gasto, que son tres principios que forman parte do ADN do Partido Popular de Galicia. Un ano máis, para frustración da oposición galega, eses tres principios vanse impoñer aquí: o principio da estabilidade institucional, o principio de estabilidade financeira e outro principio moi importante, o de coherencia política.

Para a súa frustración, Galicia vai aprobar o límite máximo de gasto non financeiro máis alto da súa historia, si. Como primeiro paso, por certo, para dotar a Comunidade Autónoma dun orzamento co que afrontar o ano 2025. Este simple feito posibilitará que os galegos podamos contar cun instrumento orzamentario adaptado á situación real que vive o noso país e ao novo marco financeiro que impón Europa. Todo iso grazas á estabilidade institucional que nos proporcionaron os galegos o pasado 18 de febreiro, e aos que unha vez máis lles queremos dar as grazas por tanta confianza. *(Aplausos.)*

Eu sei que a oposición gusta de infravalorar este feito e critican que incidamos na importancia de cumprir coas obrigas institucionais do Goberno. É o normal, escoitouno vostede moitas veces, ¿verdade, señor conselleiro? Pois non, tal vez debería selo, pero a realidade é que Galicia é a única comunidade autónoma que foi capaz de cumprir as súas obrigas orzamentarias consecutivamente durante quince anos. Por certo, durante eses quince anos nin unha soa vez contamos co seu apoio, a pesar do cal Galicia foi quen de facer da normalidade algo absolutamente excepcional.

Pero esta realidade faise máis evidente se a contrastamos co que está acontecendo no Goberno do Estado. Un Goberno que renunciou a presentar os orzamentos en 2024, que non cumpre a súa obriga de proporcionar un marco económico ás comunidades autónomas e que acababa de ver como os seus supostos socios toman a súa proposta de teito de gasto, poñendo en risco a aprobación do orzamento para 2025.

Escoitei onte —producía certo rubor— como responsabilizan deste varapalo o Partido Popular, co que vostedes nin sequera se dignaron a falar. «*Me ha dicho María Jesús esta mañana que lo tenían atado. Nos hemos quedado de piedra. Es una hostia para el Gobierno*». Señor Urtasun dixit. Hai unhas semanas ofrecínlle á señora Pontón un exemplar do conto da leiteira. Estou disposto a ofrecerlle ao Partido Socialista outro exemplar similar da fábula do escorpión e da ra. Talvez entendan cal é a natureza da súa relación co independentismo, señorías. Talvez así o entendan. *(Aplausos.)*



Señorías, unha das consecuencias máis importantes da estabilidade financeira —o segundo principio do que falabamos— é que nos permitiu un desenvolvemento económico e social que non ten precedentes na historia de Galicia. Non os ten. Galicia deixou atrás a pantasma do atraso secular para converterse nun referente do progreso colectivo. A planificación sensata converteu Galicia nun referente de moitas cousas. En primeiro lugar, a segunda comunidade autónoma con maior crecemento económico desde 2009. E engadía o conselleiro que era a que máis creceu dende a pandemia, un diferencial de seis puntos ao longo destes anos. E vostedes críticoano e veñen falar aquí do crecemento do Estado. Non sei se ese referencial de crecemento terá algo que ver con que o Estado se reserva o 2,4 do déficit da débeda autorizada e lles outorgue ás comunidades autónomas xenerosamente un 0,1. E aínda se preguntan se son vostedes os asfixiados. ¡Son as comunidades autónomas as que están asfixiadas!

Galicia, ademais de ser a que máis crece ou das que máis crece, é a que mellor reparte esa taxa de crecemento. Dío o informe Foessa, o informe de referencia en cuestións de pobreza, que di que, en contra do mantra que vostedes repiten continuamente, o gran crecemento que experimentou Galicia repártese de maneira principal entre o sesenta por cento dos galegos que configuran as clases medias de Galicia. Nada máis afastado dese beneficio aos ricos do que vostedes falan.

Mantemos a taxa de pobreza por debaixo da media nacional. Non agora, ¡dende hai quince anos! De feito, dende que a collemos cando a deixaron vostedes, que estaba por riba a taxa de pobreza da media nacional. Ademais, somos a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda e, ademais, no último ano fomos quen de reducila en douscentos millóns, de rebaixar 1,4 puntos a ratio débeda-PIB. E vostedes están dispostos a negar a evidencia de todos estes datos.

Hoxe a sociedade galega é máis rica no seu conxunto, acada a maior converxencia coa renda nacional da nosa historia —o 92 por cento—; e, por primeira vez, podemos fixar o obxectivo de alcanzar a media nacional en 2030. Estes son logros colectivos, son logros de toda Galicia. Pero, do mesmo xeito que recoñecemos que non pode ser atribuído este logro exclusivamente ao Goberno, tampouco pode entenderse sen o concurso imprescindible de quen leva quince anos desmontando os negros e falsos augurios de oráculos e pitonisas que en quince anos non deron nin unha. ¡Nin unha, señoría! (*Aplausos.*) Decía o señor Ojea que o Nobel un ano danllo a un e ao ano seguinte llo dan ao que diga o contrario. Bueno, sen entrar en materia de Nobel, eu creo que vostede pode fiarse máis de quen leva quince anos acertando todas e cada unha das súas predicións e non de quen leva quince anos errando e fracasando estrepiteiramente en todos os seus augurios.

E, por último —e isto si que vai ser difícil explicarllelo a vostedes— falamos de coherencia política. Nós apoiaremos esta proposta porque esa coherencia política sitúanos ante o primeiro paso para aprobar o orzamento que permitirá desenvolver os compromisos que adquirimos coas galegas e os galegos o pasado 18 de febreiro. Sabemos que isto é dificilmente comprensible para a oposición, pero o Goberno de Alfonso Rueda aspira a cumprir coa palabra dada sen cambios de opinión: a mellora da sanidade, o desenvolvemento industrial, a vivenda social, o financiamento da educación gratuíta dende a escola infantil ata rematar a universi-



dade ou a formación profesional ou os avances en dependencia que nos gustaría ter. Por certo, quíxase vostede moito. Home, se nos pagasen o cincuenta por cento que nos teñen que pagar todos os anos, os máis de dous mil millóns que nos adebedan, facilitaríaa algo.

Pero unha cousa é que non esperemos coherencia de vostedes e outra moi distinta é que pasemos por alto a demostración de hipocrisía política que están a facer nos últimos días. Causa asombro, señorías, escoitar nesta tribuna como se atreven a dar leccións de acollemento de inmigrantes os membros dun goberno que aínda non deu a explicación das decenas de mortes que se produciron no valado de Melilla hai dous anos e que non tomaron nin unha soa medida contra o único alcalde galego que se negou a acoller emigrantes, que foi un alcalde socialista, señoría. ¡Un alcalde socialista! Un mínimo de rubor, por favor. *(Aplausos.)*

Custa moito traballo entender que nos dean leccións sobre democracia e pureza democracia os que acaban de felicitar e recoñecer ao señor Maduro tras o seu pucherazo. Quero felicitalos polo clube do que forman parte, señorías: Rusia, a China, Irán, Siria, Nicaragua, Goberno de España e o BNG. Parabéns, parabéns. *(Aplausos.)* Están vostedes para sentirse orgullosos. Iso si, os galegos están abochornados, señoría, abochornados.

Escoitamos aquí criticar a Lei de medios, sen sequera lela, aos mesmos que aprobaron a modificación do sistema de elección da presidencia da Televisión Española por real decreto. Escoitamos pedir máis prazo para estudar os sesenta folios do informe que anexou o conselleiro aos mesmos que foron capaces de ler os 8.500 do expediente de Altri en quince días, a razón de cincocentos diarios. Señor conselleiro de Educación, estou preocupado; estamos perdendo capacidade lectora, iso é máis que evidente. Pero hai que recuperala, señorías, hai que recuperala.

E, dende logo, causa asombro oílos reclamar un aumento do gasto público namentres calan ante o maior atropelo da democracia contra a solidariedade entre territorios e entre a igualdade dos cidadáns, que é o pacto do PSOE e Esquerda. Eu tradúzolles, que igual non entenderon o conselleiro: ese pacto é un atraco contra o bolsillo dos cidadáns españois que non viven en Cataluña. E vostedes, señorías, son cómplices. Estamos ante unha nova compra de vontades políticas nas que se intercambia o sillón da Generalitat a cambio de rachar o sistema de financiamento recollido na Constitución española e a igualdade entre españois. E vostedes caladiños. Falaba a señora Pontón de defender os intereses de Galicia. É que creo que escoitei ben, ¡de defender os intereses de Galicia! Mire, a resposta da esquerda galega ante este flagrante ataque foi o silencio absoluto do señor Besteiro, que nin abriu o pico, e a proposta dun concerto económico galego por parte da señora Pontón. Estannos pedindo vostedes que convoquemos a Comisión de Financiamento para deixar unha postura común e única proposta que fixeron vostedes ata agora xa foi desbotada pola práctica totalidade dos especialistas que compareceron nesa comisión. Pero vostedes, de verdade, ¿de que están falando? ¿Pero vostede a que vén aquí? ¿A rirse dos galegos? Tal cousa semellara.

O que si podemos acreditar é que unha vez máis, señorías, entre Galicia e o sillón, vostedes elixen sempre o sillón. *(Aplausos.)* Decía Oscar Wilde que a perfecta definición dun cínico é a dunha persoa que coñece o prezo de todo e non coñece o valor de nada. Sinceramente, non se me ocorre mellor definición para a postura política que están a manter os socialistas en toda España e o Bloque Nacionalista Galego aquí, admitindo e colaborando de maneira



reiterada cun goberno que é o máis lesivo que xamais sufriu Galicia dende que hai democracia. Os galegos xa sabemos a estas alturas que a nosa terra só volverá a ser tratada con xustiza cando Pedro Sánchez abandone a Moncloa. Estou seguro que os galegos e os españois faremos todo o posible para que iso aconteza democraticamente canto antes.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Bueno, pois rematou o debate.

Procedemos á votación do límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 30; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.


En consecuencia, queda aprobado o límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O señor PRESIDENTE: Non hai máis asuntos.

Remata aquí o pleno. Bo día a todos.

Remata a sesión ás dúas e nove minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-TKO80IKN-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

